

Pasar o tempo ollando un mapa

Arturo Casas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CASAS, ARTURO (2011 [2011]). “Pasar o tempo ollando un mapa”. En Lino Braxe *et al.*, *Lois Pereiro en 17 voces. Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2011*. A Coruña: La Voz de Galicia S.A., 17-20. Re-edición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/851>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CASAS, ARTURO (2011). “Pasar o tempo ollando un mapa”. En Lino Braxe *et al.*, *Lois Pereiro en 17 voces. Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2011*. A Coruña: La Voz de Galicia S.A., 17-20

* Edición dispoñíbel desde o 27 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ELEXÍA A UN ESPÍRITO IRMÁN.

PASATEMPO POR ORDE ALFABÉTICA

Austria, Bernhard, Contaxio
 Thomas Bernhard, a Dor
 a Enfermidade, Bernhard
 Fracaso, Grünkrantz, Bernhard
 Hochgubernitz, Inferno, Ja, Bernhard Si, Ja
 Korrektur, Thomas Bernhard
 Loucura, Morte, Non
 Österreich, Bernhard
 Poema, ¿de Que?, Bernhard
 Roithamer, Só Roithamer, Si,
 «se se suicidaría algún día», Bernhard
 «e somentes sorriu e dixo que Si»
 Bernhard, Trastor no, Thomas, Bernhard, teño
 Un vestixio, Bernhard, de Wittgenstein en ti
 X, Y, Z, Bernhard, Fin.

ARTURO CASAS

PASAR O TEMPO OLLANDO UN MAPA

Educados nunha certa definición da sentimentalidade poética, nun certo sentido do que sexa a subxectividade, ese territorio indefinido do «eu», chegamos a poemas como este e de entrada experimentamos na lectura —talvez— a desorientación de quen non sabe con certeza se o texto se limitará a iso, ao xogo de concatenar palabras ordenadas por un azar obxectivo de estirpe vangardista e asemade pola vella lei escolar do alfabeto, todo arredor dunha obsesión segura: a de ler e reler el, o autor, Lois Pereiro, a obra de Thomas Bernhard, un espírito irmán, así definido no antetítulo do poema como declaración de intencións.

Por que denomíno así? Pois porque nalgún modo se viviu desde «dentro» unha forma de entender a escritura, de asimilar o experiencial do discurso considerado literario por parte deste autor austríaco falecido en 1989, sen alcanzar os 60 anos. Vidas paralelas as de Pereiro e Bernhard? Afinidades electivas? Mortes a destempo ambas? Claro, sen dúbida. A vivencia da enfermidade, a descrenza nos ecos dalgúns mitos ilustrados tal como foron revisados

Leandro

no período de entreguerras (o progreso científico, a concordia moral, o dominio da natureza e das súas forzas e ritmos pola técnica, a universalidade do suxeito kantiano, outras utopías), a delectación por unha mirada que o sabía todo sobre a combinatoria do plano de detalle e a panorámica, o xeito de entender a pertenza a algo que a historia optou por denominar *nación, cultura, costumes...*

Todo isto estaría no poema, unha espiral de fractais e imaxes crebadas, anacos distópicos relativos ás vellas entidades gobernadoras do poema-como-debe-ser, da comprensión do que sexa a autoría cando estaban xa á vista as costas novas dese continente, o século XXI. Todo, en definitiva, na sucesión caótica ditada pola orde escolar de dicirmos o alfabeto, a súa lenta norma, a perspectiva da súa aceptación. Incluída a partir dunha altura, a da morte propia –véxase o M na sétima liña–, coa variante *suicidio* adoito á man –procúrese ela na largura sinuosa do S.

Pero este poema, sendo algo semellante ao suxerido, é no fundamental o bosquejo dunha lectura. Vén constituído, ao que semella, polas notas de lectura dunha novela concreta de Bernhard, a titulada *Korrektur* («Corrección», 1975), na que o protagonista é precisamente Roithamer —localicense K e R tamén no texto. Así que Pereiro dispón as pezas da maque-

ta, unha desas fabulacións nutridas pola verdade histórica que tanto gorentaban o escritor austríaco, quen retratando as obsesións de Roithamer falaba en realidade do filósofo Ludwig Wittgenstein –localícese o W. Así que os fractais rítmicos xogan, si, pero o seu xogo é o das intertextualidades, o do palimpsesto, o da reescritura.

Era preciso sabelo para lermos esta elexía? Pode que si, para que negalo. Pero Roithamer é trasunto igualmente de Bernhard. Ou sexa, de Lois Pereiro, espírito irmán que non está no L nin no P porque esas letras adxudícanse polos azares obxectivos a «loucura» e a «poema», nada menos.

Quen si está en doce das quince liñas do texto é Bernhard, o seu nome. Isto é: o nome do outro, o do seu espírito irmán. Lois.